DOG Diario Oficial de Galicia



## VI. ANUNCIOS

## B) ADMINISTRACIÓN LOCAL

### CONCELLO DE PONTEVEDRA

*ANUNCIO de convocatoria para prover varias prazas pola quenda de promoción interna (OEP 2017).*

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra (BOP) núm. 10, do 15 de xaneiro de 2019, publicáronse as bases xerais e específicas que rexen a convocatoria para o acceso a diversas prazas vacantes no Concello de Pontevedra incluídas na OEP do ano 2017.

O concelleiro responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio convocou, mediante Resolución do 20 de decembro de 2018, os procesos selectivos para a cobertura, pola promoción interna, de diversas prazas vacantes no Concello de Pontevedra incluídas na oferta de emprego público do ano 2017, que a seguir se sinalan:

– Grupo segundo o artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público: C. Subgrupo C1. Clasificación: escala de Administración xeral, subescala administrativa. Número de vacantes: 4. Denominación: administrativo/a.

– Grupo segundo o artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público: C. Subgrupo C2. Clasificación: escala de Administración xeral, subescala auxiliar. Número de vacantes: 2. Denominación: auxiliar.

– Grupo segundo o artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público: S. Subgrupo C2. Clasificación: escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais. Número de vacantes: 1. Denominación: técnico/a en conservación e mantemento de semáforos.

– Grupo segundo o artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público: C. Subgrupo C2. Clasificación: escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal oficios. Número de vacantes: 1. Denominación: mestre/a electricista.

– Grupo segundo o artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público: C. Subgrupo C2. Clasificación: escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal oficios. Número de vacantes: 2. Denominación: oficial electricista.

CVE-DOG: ib1u8cw6-n008-gyk1-fkq6-fx3nvjy8yiv1

– Grupo segundo o artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público: C. Subgrupo C2. Clasificación: escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal oficios. Número de vacantes: 2. Denominación: oficial de obras.

– Grupo segundo o artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público: C. Subgrupo C2. Clasificación: escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal oficios. Número de vacantes: 1. Denominación: sepultureiro/a.

– Grupo segundo o artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público: C. Subgrupo C2. Clasificación: escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal oficios. Número de vacantes: 1. Denominación: condutor/a mecánico/a.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no *Boletín Oficial del Estado*, e os sucesivos anuncios publicaranse no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra e no taboleiro de edictos da corporación nos termos establecidos nas bases.

Pontevedra, 15 de xaneiro de 2019

O alcalde
P.D. (Acordo da Xunta Goberno Local do 21.4.2017)
Vicente Legísima García
Concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal

CVE-DOG: ib1u8cw6-n008-gyk1-fkq6-fx3nvjy8yiv1